

Carta aberta á Xunta de Galicia

Autor Polaqia
martes, 26 de enero de 2010

Estimados Sres.

O presente comunicado ten por motivo a convocatoria das axudas para a creación de banda deseñada en galego para 2010, xa que, dende a nosa posición e experiencia de nove anos como colectivo de autores-editores de BD, coidamos que as bases para as devanditas axudas incorren en graves erros de plantexamento que desvirtúan o obxectivo das mesmas, que é a creación de banda deseñada en galego, nin máis, nin menos.

Se ben esta convocatoria supón un significativo paso adiante no establecemento da capa de abono tan necesaria para un medio artístico con máisculas que arrastra moitos anos de discriminación e falta de recoñecemento como tal a tódolos niveis, dista moito de ser idónea, posto que non é realista nen consecuente coas particularidades do proceso creativo, da técnica e do método de traballo da banda deseñada.

Por exemplo, atopamos nos requisitos para o acceso ás mesmas que é necesario estar en posesión de un título académico en algunha das titulacións que se enumeran nas bases, tales como Belas Artes, Comunicación Audiovisual, Publicidade e Relacións Públicas, Xornalismo, Teoría da Literatura e Literatura Comparada, Filoloxía, graos en Estudos Lingüísticos e Literarios, Tradución e Interpretación e Deseño Téxtil e Moda, así como as seguintes titulacións de FP: Comunicación, Imaxe e Son, Artes Gráficas, Deseño e Ilustración, Patronaxe e Moda.

Este punto, para nós, supón a exclusión automática de un gran número de persoas que poderían optar ás axudas. Sen entrar en consideracións de índole histórica referidas ó gran número de casos na Historia da Arte de importantes artistas de tódalas ramas xordidos dos máis diversos lugares lonxanos ó ámbito académico, queremos facerlles notar que, posto que a banda deseñada non conta nen con estudos propios nen está contemplada de forma fehaciente nos planes de estudo de ningunha das titulacións listadas nas bases da convocatoria, atopamos de facto estéril o filtro académico; Unido a esto, e tamén como consecuencia da inexistencia de estudos propios, a banda deseñada é, dende sempre, por necesidade e por natureza, unha disciplina profundamente autodidacta.

En resumo, nada nos asegura que un Licenciado en Arquitectura estea menos capacitado para levar a cabo a realización dunha obra de BD que un Licenciado en Xornalismo ou en Literatura comparada, polo cal, a elección das titulacións “aptas” seméllanos errática e desvinculada da realidade do medio. Licenciado en Arquitectura é, por certo, Miguelanxo Prado, un dos máis recoñecidos representantes da BD galega.

Por outra banda, é inevitable entrar en comparacións: as axudas á creación audiovisual carecen deste tipo de filtro, o que ven a decir que calquera persoa pode escribir un guión ou filmar unha curtametraxe. Se isto é así para o medio audiovisual, por qué non debería ser igual na banda deseñada?

Seguindo por orde, atopamos o punto cuarto das bases, no que se estipula o prazo de presentación das solicitudes e o material que as mesmas deben conter para ser tidas en conta. Un mes é, a todas luces, un tempo insuficiente para a preparación do material requerido, que é bastante. E novamente detectamos un descoñecemento dos procesos do medio ó requirir un guión técnico completo ou ben o storyboard da obra e, pola contra, apenas pedir unha sinopse argumental dunha páxina.

Na creación dunha BD, o storyboard ou o guión técnico é un proceso intermedio do fluxo de traballo e, sobre todo, trátase dunha fase moi orgánica do proceso que está suxeita a moitas modificacións a medida que se avanza no traballo. É, ademáis, o esqueleto da obra, non un paso previo á súa creación, e como tal, precisa dun especial coidado e mimo na súa elaboración. É, por último, unha ferramenta moi personal que é abordada das máis diversas formas polos autores, dende o mero garabato conceptual ó máis elaborado, ou incluso, prescindindo del en obras que poidan deixar máis espazo á improvisación

Con esta explicación só pretendemos salienta que o storyboard non é, como sí sucede na animación, un documento estipulado en estrutura e forma na creación dunha BD que, como tal poda presentarse e que apareza invariablemente en tódolos proxectos de banda deseñada.

Cousa que sí pode supor unha sinopse do argumental extensa, que nos parece máis adecuado como documento a presentar en unhas axudas desta índole. De tódolos xeitos, e sen facer máis cábalas ó respecto, un mes de prazo é materialmente demasiado curto para desenrolar tan extensamente o que quizáis neste intre poida ser tan só unha idea sen unha soa liña plasmada no papel.

Por último queremos referirnos o noveno punto das bases, que establece a natureza da axuda, na nosa opinión alonxándoa do que sería unha axuda á creación para convertela máis ben nunha subvención á produción dunha banda

deseñada. Ó noso entender, o fomento da creación de BD debería estar orientado a permitir ós autores que pretendan desenvolver un proxecto longo de cómic poidan dispor do apoio económico da axuda para se poder permitir a dedicación completa durante un bo periodo de tempo ó desenrolo do proxecto sen teren que depender enteiramente doutros ingresos monetarios, cousa que sí sería posible cunha subvención a fondo perdido.

A necesidade de xustificar os gastos seméllanos máis óptima para axudar á produción editorial das obras, permitindo editar mellor as obras, cousa tamen necesaria, que axudaría a expandir ó pequeno mercado da BD galega con libros de maior calidade.

A modo de despedida, queremos salienta de novo que cremos que esta convocatoria era necesaria e moi reclamada no ámbito da BD, que axuda ó expandimento dun medio artístico que tantas persoas en Galicia amamos e é, precisamente polo que nos sentimos na obriga de facer as puntualizacións que esta carta contén, porque queremos que, houbendo unha iniciativa tan favorable por parte da administración, se empañe por mor de coxeiras que, dende fora e sobre o papel, quizáis non semellan tan determinantes como son de feito.

A vontade de Polaqia non pode estar máis lonxe da mera pataleta; máis polo contrario, o que desexamos é que este tipo de convocatorias prosperen na dirección máis idónea para o banda deseñada e os seus creadores.

Agradecendo de antemán a súa atención, reciban un cordial saúdo.